


• VENTO NAS VELAS •

Víctor F. Freixanes

Sobre a utilidade do galego

Unha lingua non é un adorno. Ningunha lingua é un adorno. Todas as linguas teñen, polo menos, unha dobre significación, que é tamén un valor obxectivo: un valor simbólico e identitario, na medida en que dende a lingua se configuran e constitúen as principais marcas de referencia dunha comunidade (representación universal e simbólica do mundo) e un valor de comunicación, código de relación interna (socialización) entre os falantes e mesmo co mundo exterior. Neste tempo de globalización, de fronteiras abertas e de relacións a escala mundial (relacións de todo tipo: políticas, culturais, administrativas, económicas, de lecer e de consumo) a realidade da lingua, moi concretamente da lingua galega, debe ser considerada tamén nestes parámetros.

A lingua galega é unha riqueza que herdamos dos nosos avós, que ten máis de mil anos de historia, cunha literatura importante, recoñecida entre as linguas cultas de Europa, e que nos identifica como galegos, dito doutra maneira: que nos sitúa no mundo, que nos dá identidade. A identidade é un valor de extraordinaria importancia no mundo globalizado, que tende



PILAR CANICORA

a estandarización (o inglés como autoestrada de uso) e, por tanto, a diluír nun único magma (mercado único) os discursos particulares. Mais sen discursos particulares non hai xeito de existir, nin de ser recoñecido. A lingua convértese, pois, nunha marca. Que cómpre saber xestionar, naturalmente, acompañada de produtos competitivos, produtos de calidade, que interesen. Pero unha marca de recoñecemento, que por diferenciación produce (ou pode producir) visibilidade. Produtos galegos (simbólicos, culturais, materiais, económicos, de todo tipo) con marca galega.

Mais a lingua tamén ten un valor de comunicación. Primeiro

cara a dentro: socializar un país significa cohesionalo sobre si mesmo, sobre a súa propia memoria e sobre os seus propios valores (a cultura) e mais sobre os seus intereses (incluídos os económicos). Unha Galicia cohesionada é condición imprescindible para desenvolver esa Galicia moderna da que tantas veces falamos.

E non é incompatible coa existencia, o coñecemento e uso doutras linguas. Disto podemos falar noutras entregas.

Lingua de identidade (o galego) e lingua (ou linguas) de proxección exterior. Multilingüismo operativo. Cantos paisanos nosos, emigrantes no Brasil, por exemplo, descubriron na práctica a utilidade do galego, insospeitada por moitos deles, vítimas dos prexuízos lingüísticos? A pertenza da lingua galega á comunidade galego-luso-brasileira, coas coñecidas proxeccións en Angola, Cabo Verde ou Mozambique, onde tamén traballan as nosas empresas, constitúe unha das dimensións máis rendibles do idioma, mesmo en termos estritamente económicos. Contra do que moitos pensan, ou se empeñan en ignorar, o galego non é unha lingua local, senón cunha proxección global obxectiva.

Viernes, 13 de noviembre del 2009

El extraño caso del señor Feijoo

Desde que Feijoo es presidente de la Xunta no ganamos para sorpresas con respecto a su política lingüística.

1. En la campaña electoral defendió la libertad lingüística sin ningún complejo y criticó los excesos del anterior Gobierno en la Xunta PSOE-BNG. Cosa que la gran mayoría de los gallegos compartimos. 2. Incluyó en la lista electoral a Corina Porro, que se comprometió a abandonar el PP si Feijoo no acababa con esta imposición. Cosa que muchos entendimos como un compromiso serio a favor de la libertad.

3. Durante toda la campaña repitió que su política lingüística estaría basada en la libre elección de los padres, para lo que incorporaría una casilla en el impreso de matrícula, prometió que derogaría el decreto y elaboraría otro nuevo. Cosa que nos alegró a la gran mayoría de los gallegos, hartos como estábamos de los excesos totalitarios del Gobierno saliente. 4. Cuando ganó las elecciones con mayoría absoluta, a los más confiados les alegró, y a los menos ingenuos les hubiera alegrado más una mayoría simple.

5. En su primer discurso como presidente de la Xunta habló solamente en gallego. Cosa que muchos consideramos una falta de educación y de saber estar. 6. Más tarde nombró secretario de política lingüística a Anxo Lorenzo, cosa que desencantó a todos sus votantes y alegró mucho a la oposición y a la Mesa.

7. Finalizando el pasado curso realizaron un sondeo en el que ganó por goleada la enseñanza en castellano. Cosa que alegró mucho a la gran mayoría partidaria de la libertad y encolerizó a la oposición y a la Mesa. 8. Y estos días, a punto de salir el nuevo decreto, Anxo Lorenzo hace unas declaraciones que los ciudadanos no sabemos si creernos teniendo en cuenta que sus campañas desde la universidad estaban llenas de radicalismo.

Sencillamente, lo del señor Feijoo es muy raro, ¿no? ¿Y dónde está Rajoy para salir en defensa de su «niña» gallega que quiere hablar y que le hablen, tanto en gallego como en castellano? Ni está ni se le espera.